

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Biólogos de Galicia celebrará o Día do Biólogo 2018 o vindeiro día 16 de maio

Serán recoñecidos os colexiados que levan 25 anos inscritos

Tamén serán homenaxeados, **Bióloga, Empresa e Institución do Ano e Membro de Honra**

Santiago, 9 de maio de 2018.- O Colexio de Biólogos de Galicia (COBGA) celebrará o Día do Biólogo no Pazo de Adrán (Calo-Teo) o próximo 16 de maio. Será ocasión de encontro e de compartir experiencias e especialmente para recoñecer e agradecer o seu esforzo a aqueles colexiados que levan xa 25 anos no colexio.

Este ano entregaranse tamén as seguintes distincións, a proposta e elección dos colexiados:

- *Bióloga do Ano.* Alicia Estévez Toranzo. Catedrática de Microbioloxía da USC, cunha longa traxectoria investigadora no ámbito da ictiopatóloxía, desenvolvendo novas estratexias de diagnóstico bacteriano e vírico e novas metodoloxías de prevención e control, de gran repercusión sanitaria e económica en Galicia. Ten dirixido numerosas Teses de Doutoramento, publicado libros e artigos de investigación, e ten rexistradas varias patentes. Tamén participou en numerosos Proxectos de Investigación europeos, nacionais e autonómicos. É Académica Numeraria da Real Academia Galega de Ciencias desde 2014, e da Academia de Farmacia de Galicia desde 2017.

(Foto: Fte. Real Academia Galega da Ciencia)



**ESTRELLA
DE GALICIA**

- *Empresa do Ano.* Hijos de Rivera, S. A., en atención á súa decisión pola recuperación do lúpulo e os novos métodos de produción de cervexa, apostando pola innovación e os procesos de fabricación respetuosos co medio ambiente e incluíndo produtos ecolóxicos (sidra). O seu laboratorio de I+D+i e plataforma de innovación (CustomDrinks) foi capaz de adaptar as últimas tendencias en formatos e produtos e participa no proxecto MYCONTROL, que ten como obxectivo xeral diminuír o impacto das micotoxinas que se atopan nas materias primas utilizadas para a fabricación de produtos de uso alimentario tanto humano como animal.



- *Institución do Ano*. Fundación Paideia-Galiza. Constituída en 1986, polo seu compromiso coa diversidade funcional das persoas, a mellora territorial de

Galicia e a promoción de accións medioambientais e de desenvolvemento sostible. Entre outras iniciativas, salientar a creación do Jardín Botánico Fundación Paideia, na Escravitude, a inclusión da xestión medioambiental como unha ferramenta máis da xestión empresarial, a participación nun Proxecto Leader centrado na promoción do emprego de xoves e en CULTIGAR, Laboratorio de Biotecnoloxía Vexetal pioneiro en Galicia, dedicado á Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico na produción, cultivo e calidade sanitaria de planta ornamental, forestal e hortofrutícola.

- *Membro de Honra*. Emiliano Aguirre Enríquez (Ferrol, 1925) , polo seu relevante labor de investigación en Paleontoloxía e Evolución Humana, especialmente nos xacementos da Serra de Atapuerca (onde iniciou e dirixiu as excavacións) e das Gándaras de Budiño e pola visión interdisciplinar e proxección ao futuro que inspiran os seus traballos. Foi pioneiro na introdución e defensa da Teoría Sintética da Evolución, integrando os seus achados paleontolóxicos e paleoantropolóxicos no marco teórico do neodarwinismo. Recibiu o Premio Príncipe de Asturias á Investigación Científica e Tecnolóxica en 1997.



(Foto: Fte. Archivo personal de Emiliano Aguirre)

O COBGA está formado actualmente por perto de mil trescentos colexiados e creouse en 1987. O 60 % son mulleres.

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

981 53 14 40

info@biologosdegalicia.org